

PLAN DE CONVIVENCIA

REVISIÓN Nº :1
DATA: 17/ 02/ 2020

CEIP PLURILINGÜE DE BAÑO-XANZA

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN E MARCO LEGAL

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN INICIAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO

- 1.1. Características Do Centro E Do Seu Contorno
- 1.2. Aspectos Da Xestión E Organización Que Inflúen Na Convivencia
- 1.3. Estado Das Relacións E Da Participación Por Parte Da Comunidade Educativa
- 1.4. Conflitividade Detectada No Centro. Tipos E Sectores Implicados
- 1.5. Actuacións Desenvolvidas E Efectividade Das Mesmas

2. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

- 2.1. Obxectivos Xerais
- 2.2. Obxectivos Específicos
 - 2.2.1. Obxectivos para o profesorado
 - 2.2.2. Obxectivos para o alumnado
 - 2.2.3. Obxectivos para as familias

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

- 3.1. Actuacións Organizativas, Curriculares E De Coordinación
- 3.2. Actuacións Dirixidas A Garantir A Participación Da Comunidade Educativa
- 3.3. Actuacións Dirixidas Á Prevención De Condutas Contrarias Ás Normas De Convivencia
- 3.4. Medidas Para Previr, Detectar, Mediar E Resolver Os Conflitos
- 3.5. Medidas E Programas Para Promover A Convivencia No Centro.

4. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

5. CONCRECIÓN EN CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU PROGRAMAS, PERSOAS OU ÓRGANOS RESPONSABLES E DESTINATARIAS E OS PROCEDEMENTOS

6. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

7. FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA E DA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

- 7.1. Comisión De Convivencia
- 7.2. Aula De Convivencia Inclusiva

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

- 8.1. Coordinación Interna No Centro
- 8.2. Coas Familias
- 8.3. Coa Anpa
- 8.4. Con Outros Centros Educativos
- 8.5. Con Organismos Do Contorno

9. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

10. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

11. DIVULGACIÓN E APLICACIÓN

INTRODUCCIÓN

O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica. Este plan de convivencia forma parte do Proxecto Educativo do centro.

O plan de convivencia integra o principio de igualdade entre mulleres e homes orientacións sexuais, razas, relixións, condicións sociais, necesidades educativas especiais... e establece, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Para que sexa efectivo debe ser coñecido e asumido por todos e cada un dos compoñentes da comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias, traballadores do centro...

Queremos que este plan regule as relacións que se establecen dentro do centro e que armonice as relacións do centro co entorno.

Traballamos na procura dun clima nas aulas relaxado e cordial que faga que as aprendizaxes sexan mais significativas, que se caracterice polo respecto mutuo, o diálogo, a tolerancia e atención á diversidade.

MARCO LEGAL

A normativa que sustenta o plan é a seguinte:

- Constitución Española e Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) (BOE 10/12/2013).
- Decreto 229/2011 de Atención á Diversidade, onde se recollen artigos sobre a mellora da convivencia escolar.
- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. (DOG 15/07/2011).
- DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG 27/01/15)
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro. Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG 21-10-96)
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG. 02-09-97). Modificación parcial desta orde (adscripción funcional e horarios).(DOG 06-07-2010).
- Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.
- A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN INICIAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO

1.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU CONTORNO

O CEIPP de Baño-xanza atópase no lugar de Baño, no concello de Valga, situado no rural, moi preto do centro urbano de Pontecesures e de Padrón. Este concello caracterízase pola dispersión da súa poboación. A situación económica das familias é media-baixa. Os sectores de produción dominantes son o primario e o secundario (industrias relacionadas coa construción). É un centro de carácter público, inclusivo e integrador.

1.2. ASPECTOS DA XESTIÓN E ORGANIZACIÓN QUE INFLÚEN NA CONVIVENCIA

O aspecto de xestión e organización que actualmente máis inflúe na convivencia do noso centro, é a falta dun protocolo de actuación e xestión ante as incidencias en temas de convivencia, así como a necesidade de crear un espazo para aprender a resolver os conflitos de maneira pacífica e reflexiva, e que sexa alternativo á expulsión.

1.3. ESTADO DAS RELACIÓNS E DA PARTICIPACIÓN POR PARTE DA COMUNIDADE EDUCATIVA

- **Profesorado:** as relacións son fluídas dentro dun ambiente agradable de respecto e consideración da súa labor profesional. Destacar a colaboración entre o persoal docente coa finalidade de intercambiar información sobre o alumnado ao que imparte clases e coa finalidade de coordinar as accións educativas.
- **Alumnado:** se observamos as nosas aulas, podemos ver que, moitas veces, estalan conflitos. E moitos destes conflitos son síntomas de problemas máis profundos que son as verdadeiras causas deses conflitos: falta de habilidades para traballar en equipo, falta de apoio entre os compañeiros/as de clase que levan ao illamento, non saber escoitarse entre sí,...; falta de comunicación (malos entendidos ou percepcións erróneas das intencións, os sentimentos, as necesidades ou as accións dos outros/as); expresión inadecuada dos sentimentos (alumnos/as que non están en contacto cos seus propios sentimentos, non coñecen maneiras non agresivas de expresar o seu anoxo e frustración, reprimen as súas emocións, fáltalles autocontrol, etc.); carencia de habilidades para a resolución de conflitos (alumnos/as non saben como responder axeitadamente ante os conflitos).
- **Relación coas familias:** as relacións entre os pais e profesorado pódense considerar de colaboración e axuda. Ao comezo do curso celébranse reunións por niveis para darlles información sobre aspectos diversos: organización, normas, criterios de avaliación... Durante o curso hai un horario semanal de atención a pais para informar sobre a marcha do alumnado e facelos partícipes do proceso educativo dos seus fillos e fillas. Ademais, as familias, colaboran co centro a través dos seus representantes (ANPA), organizando actividades que se desenvolven fóra do horario lectivo. Do mesmo xeito colaboran nas

actividades propostas polo Claustro, así como na organización do centro mediante os seus representantes no Consello Escolar.

Como aspecto a destacar, percíbese pouca formación das familias para definir normas de comportamento na casa, hai certa permisividade no establecemento de normas.

- **Profesorado/persoal non docente** (coidadora, conserxe, responsables de cociña e comedor, servizo de transporte): as relacións son de coordinación, colaboración e respecto entre este persoal, dentro das funcións que lles competen e respectando a súa labor profesional.
- **Relación con outras institucións:** o Concello colabora anualmente con actividades e obradoiros en 5ª e 6º cursos sobre igualdade, resolución de conflitos... E hai destacar tamén a estreita colaboración cos servizos sociais.

1.4. CONFLITIVIDADE DETECTADA NO CENTRO. TIPOS E SECTORES IMPLICADOS

PERIODICIDADE	SITUACIÓNS CONFLITIVAS	SECTORES IMPLICADOS
SUCEDE POUCO	Non respectar ao profesorado (malas contestacións, burlas...)	Alumnado/profesorado
	Falta de integración dalgúns alumnos e alumnas	Alumnado
CON CERTA FRECUENCIA	Falta de respecto: pelexas, insultos...	Alumnado
	Faltas inxustificadas de puntualidade e asistencia	
	Desperfectos	
		Material, mobiliario
SUCEDE MOITO	Non prestar atención	Alumnado
	Levantarse sen permiso	
	Non gardar quenda á hora de falar	
	Non coidar o material escolar	
	Esquecer o material para o desenvolvemento da clase	

1.5. ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS E EFECTIVIDADE DAS MESMAS

1.5.1. Actuacións desenvolvidas

- **Traballo da convivencia dende a prevención:**
 - Plans de acollida ao alumnado novo e familias.
 - Actividades de educación emocional e habilidades sociais
 - PAT : trabállanse as normas do centro, da aula e dos diferentes espazos do centro.
 - Plan de atención a diversidade.

- **Información e colaboración das familias:**
 - Información e colaboración ante un determinado conflito.

- **Resolución do conflito:**
 - Falando co profesor en privado.
 - Pedindo disculpas.
 - O profesorado da consellos con pautas a seguir.
 - Intervención do Departamento de Orientación.
 - Implicación das familias na resolución de conflitos.
 - Utilízase o castigo cando se trata de faltas de respecto ao profesorado ou entre o alumnado ou cando afecta a danos de material.

1.5.2. Efectividade destas medidas

- O clima de convivencia entre o alumnado mellorou no derradeiro ano. Aínda así hai un elevado número de alumnos/as que non teñen interiorizadas as normas de convivencia. O profesorado ten establecidas normas claras e sinxelas que debe cumprir o alumnado e moitos as establecen por consenso profesor-alumnos e adícanlle tempo para debatilas, discutir as ventaxas do seu cumprimento e as consecuencias do seu incumplimento, preguntar cales son os problemas mais importantes de clase e discutilos. Pero aínda así hai un número considerable de alumnado que incumple as normas establecidas.
- Son escasas as situacións conflictivas entre o profesorado ou entre o persoal de administración e servizos.
- En ocasións, apréciase certa sobreprotección do alumnado por parte das familias, á hora de colaborar ante a resolución dun determinado conflito.

2. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

2.1. OBXECTIVOS XERAIS

- Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala, e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a

resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.

- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

2.2.1. Obxectivos para o profesorado

- Coñecer o grupo de alumnos e alumnas, ademais das competencias curriculares, dende o punto de vista persoal: as súas motivacións, intereses, preocupacións, inquiredanzas e relacións persoais co fin de dar unha resposta educativa axeitada.
- Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado desenvolvendo accións que favorezan a adaptación e a súa interacción co resto do alumnado e profesorado
- Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios de igualdade de dereitos e oportunidades, tolerancia, respecto, solidariedade e paz, entendendo a diversidade como elemento enriquecedor.
- Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas do que precisen, en especial da importancia da estimulación dos seus fillos/as, da promoción da súa autonomía, dos valores a considerar e dos contravalores a eliminar, das relacións familia- alumnado-profesorado e de todo o relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe, para contribuír á formación dunha sociedade para a convivencia democrática.

2.2.2. Obxectivos para o alumnado

- Adquirir os valores de tolerancia, respecto e actitude de diálogo como xeradores dunha boa convivencia.
- Aceptar as diferenzas e valoralas como algo positivo e enriquecedor, evitando calquera tipo de discriminación.
- Aprender a utilizar estratexias para resolver conflitos xerados no entorno escolar de xeito pacífico.
- Manifestar unha actitude de responsabilidade e respecto no uso e coidado do seu entorno e do material e das instalacións.
- Manifestar actitudes de respecto, colaboración e solidariedade cara aos demais.
- Coñecer os seus dereitos e deberes.
- Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, así como os tipos e medidas de corrección.
- Facer uso positivo da linguaxe, libre de violencia e prexuizos.

2.2.3. Obxectivos para as familias

- Implicarse e colaborar no proceso educativo.
- Cumprir e facer cumprir as normas básicas de convivencia. Colaborar co centro educativo nas medidas de prevención e corrección das posibles condutas perturbadoras da convivencia sempre que sexa requirida a súa actuación.
- Coñecer os dereitos e deberes dos seus fillos/as e de si mesmos como membros da comunidade educativa.
- Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, así como os tipos e medidas de corrección.
- Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: Consello Escolar, ANPA, Comisión de Convivencia.

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

3.1. ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN

□ Actuacións organizativas

Están establecidas a nivel de centro a organización das entradas e saídas do alumnado, dos cambios de clase, dos recreos e do comedor.

O titor/a e profesorado especialista levarán a cabo a organización interna da súa aula.

□ Actuacións curriculares

Priorizarase a coordinación das programacións entre o profesorado que imparta a mesma área e/ou nivel, a adaptación das estratexias metodolóxicas para o alumnado con NEE, a avaliación do progreso do alumnado e a avaliación da práctica docente.

□ Actuacións de coordinación

A través das diferentes reunións de coordinación establécese o consenso nas normas e decisións.

3.2. ACTUACIÓNS DIRIXIDAS A GARANTIR A PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

O proceso formativo susténtase nunha estreita colaboración entre escola e familia. Consideramos as seguintes propostas como necesarias a ter en conta polas familias:

- Dar modelos positivos e intentar resolver os conflitos sen aceptar a violencia.
- Exercicio da autoridade que lles corresponde no proceso de educación e formación dos seus fillos/as.
- Cooperación co centro en caso de indisciplina, etc.
- Colaboración co centro no proceso de ensino aprendizaxe e de integración escolar.

- Non desautorizar ao profesorado diante dos fillos/as ou doutros membros da Comunidade Educativa.
- Fomentar nos seus fillos/as a construción de valores como o esforzo persoal, a constancia, a autonomía, o respecto cara aos demais.
- Coidar o crecemento emocional, ensinándolles a poñerse no lugar do outro, fomentando a empatía, e a autorregularse emocionalmente.
- Evitar que os fillos/as accedan a contidos da TV, videoxogos ou Internet inadecuados á súa idade, ofrecéndolles alternativas.
- Evitar a sobreprotección dos seus fillos/as e a súa vitimización facendo prexuizos da actuación docente.

3.3. ACTUACIÓNS DIRIXIDAS Á PREVENCIÓN DE CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

- Reunións informativas titores-familias. Información ás familias ao principio de cada curso sobre o Plan de Convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento do centro.
- Estarán tamén dispoñibles a través da web do centro.
- Titorías. Debate e discusión co alumnado ao principio de curso sobre o Plan de Convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento, coa intención de que estean informados.
- Comunicación co persoal non docente e co de servizos complementarios e actividades extraescolares con respecto a calquera incidencia correspondente á convivencia no centro.
- Coordinación/colaboración docente: fundamentalmente o Claustro, equipos de coordinación e Departamento de Orientación.
- Respetar a confidencialidade e fomentar un bo ambiente de traballo en xeral.

3.4. MEDIDAS PARA PREVIR, DETECTAR, MEDIAR E RESOLVER OS CONFLITOS

□ Plan de Acollida para o alumnado de 3 anos

Para moitos dos nenos e nenas de tres anos, a asistencia ao colexio supón a primeira saída do ámbito familiar e polo tanto, un distanciamento das figuras de apegos. E para os que xa asistiron con anterioridade á escola infantil, lles esixe un esforzo de adaptación a uns espazos, ritmos, rutinas, compañeiros/as e adultos cos que terán que establecer relacións.

A adaptación do neno/a á escola supón un grande esforzo, xa que debe aceptar unha nova realidade que lle é totalmente descoñecida. Por iso, consideramos necesario elaborar un Programa de Acollida para este alumnado de tres anos, que se fará entre o equipo de orientación e a coordinadora de E.Infantil, coa finalidade de conseguir que o tránsito dun espazo familiar ou escolar cunhas relacións coñecidas a outro espazo escolar con novos tipos de relación sexa o menos traumático posible. Tanto pais como profesores/as debemos colaborar neste proceso para que o neno/a o sexa capaz de superalo.

□ **Plan de Acollida para o alumnado que se incorpora á etapa de E. Primaria**

Este Plan de Acollida ten como finalidade recoller unha serie de actuacións encamiñadas á preparación do alumnado que vai rematar a etapa de Educación Infantil no C.R.A. de Valga e no CEIPP de BAÑO-XANZA, e que iniciará o próximo curso a Etapa de Educación Primaria. Así como facilitar información e apoio ás súas familias, que tamén se verán afectadas polos cambios que isto leva consigo.

□ **Plan de acollida ao alumnado inmigrante**

A chegada dun alumno/a inmigrante á escola supón ter que enfrontarse a unha situación nova, nun país diferente ao seu do que descoñece case todo, e no que se atopa con novos compañeiros/as, cunha organización de clase diferente, cunhas materias novidasas e, nalgúns casos, cunha lingua nova.

Nos últimos anos foi incrementando no noso centro, o número de alumnado inmigrante ou de incorporación tardía por proceder doutros países, polo que consideramos necesario desenvolver o Programa de Acollida para conseguir a adaptación deste alumnado, incidindo no desenvolvemento dunha autoestima persoal equilibrada e no fomento de actitudes de respecto cara a estes alumnos/as e facilitar, así, o proceso da súa integración.

□ **Actividades de tutoría**

Co Plan de Acción Titorial aténdese a cada alumno e alumna especialmente no seu comportamento escolar, nas relacións cos demais e na súa aprendizaxe. Tamén se crean canles para que manifesten os seus estados de ánimo ou calquera problema que lles poida xurdir.

A acción titorial constitúe o marco indispensable para establecer unhas boas bases para a convivencia no grupo e para todo o alumnado do centro. O titor/a ten a capacidade para canalizar e resolver os problemas relacionais, así como para crear un clima afectivo e integrador na aula no que teñan cabida todos e cada un dos alumnos/as do grupo. Así mesmo, a organización da aula, as estratexias de comunicación que se establecen con cada profesor/a, os vínculos de relación, o axuste curricular, as normas de aula e as rutinas que o titor/a utiliza no desempeño das súas tarefas son os elementos que van determinar substancialmente o proceso da convivencia no centro.

- **Actuacións para previr a violencia de xénero:** levaranse a cabo actividades de sensibilización para a igualdade de homes e mulleres.
- **Actuacións para previr a discriminación:** se levarán a cabo actividades de sensibilización da comunidade educativa para a non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.
- **Actuacións para previr o acoso:** a través de actividades de tutoría contando, se é o caso, co asesoramento do departamento de orientación; charlas formativas a profesorado, alumnado e pais e vixilancia extrema das zonas comúns.

3.5. MEDIDAS E PROGRAMAS PARA PROMOVER A CONVIVENCIA NO CENTRO.

Educar para a convivencia supón promover a difusión de valores e hábitos de convivencia democrática, poñendo o énfase na participación, o diálogo e a corresponsabilidade entre os diferentes integrantes da comunidade educativa.

A promoción da convivencia nos centros educativos debe ir dirixida á difusión dos valores, as habilidades sociais e as estratexias necesarias para facilitar a convivencia e aprender a afrontar os conflitos de forma construtiva, minimizando as súas consecuencias negativas e evitando que se prolonguen no tempo.

□ Programa de habilidades sociais

O que se pretende con este programa é lograr que os nenos/as resolvan os seus propios conflitos de xeito non violento, axudándolles a expresar os sentimentos, ensinando cooperación e outras técnicas para mellorar as relacións e para promover unha convivencia pacífica.

Por iso consideramos necesario proporcionarlles unha serie de habilidades ou estratexias que lles sirvan para relacionarse de forma axeitada e favorecer, así, un clima escolar positivo:

- Autoestima positiva a través dunha autoconciencia emocional.
- Habilidades de comunicación que faciliten as relacións interpersoais
- A empatía como comprensión das emocións dos demais.
- Afrontar con eficacia as situacións de interacción problemáticas para unha axeitada convivencia escolar.

□ Programas de modificación de conduta:

Desenvolveranse programas individuais ou colectivos de Modificación de conduta baseados na técnica de economía de fichas/custo de resposta, que consiste en establecer un sistema de reforzo mediante a utilización dunhas pequenas fichas para premiar as condutas que se desexan instaurar. Utilizarase o reforzamento positivo (fichas que o neno/a gañará polas respostas desexadas) complementado co reforzamento negativo ou custo de resposta (fichas que perderá por facer condutas non desexadas). As fichas gañadas ao final de cada día serán intercambiadas por reforzadores que consistirán en realizar unha actividade preferida.

□ Programa de concienciación cara o coidado do medioambiente

Programa dirixido ao alumnado de 1º a 6º de Educación Primaria, co que se trata de sensibilizar e concienciar aos alumnos/as sobre a importancia que ten coidar o seu medioambiente máis inmediato, o patio do colexio. Preténdese, ademais, fomentar e potenciar bos hábitos sociais en relación á utilización da papeleira e fomentar a responsabilidade do alumnado.

4. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

Entendemos por acoso entre iguais un comportamento de abuso continuado que padece un alumno ou alumna por parte de compañeiros/as. A vítima síntese intimidada, excluída e percibe ao agresor como máis forte. Polo tanto, nestas situacións hai alumnado que está exposto de forma repetida e prolongada a accións negativas por parte de compañeiros, ben de forma individual ou en grupo, orixinándolle a quen é agredido/a malestar e conflitos persoais.

Cando se presente unha situación na que exista a posibilidade de que se estea a producir unha conduta de acoso, seguiremos os pasos establecidos no Protocolo Xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso.

A persoa responsable da **dirección** do centro ou, de ser o caso, calquera outro membro do **equipo directivo** por delegación expresa daquel, dirixirá todas as actuacións que se deriven do desenvolvemento de dito protocolo.

5. CONCRECIÓN EN CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU PROGRAMAS, PERSOAS OU ÓRGANOS RESPONSABLES E DESTINATARIAS E OS PROCEDEMENTOS

▣ Actuacións organizativas

PROCEDEMENTOS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
Entradas e saídas: <ul style="list-style-type: none">• O alumnado formará filas á entrada e saída.• O profesorado que teña clase á primeira (entrada) ou última hora (saída) conducirá a fila.	Alumnado Profesorado	Profesorado
Organización dos cambios de clase: <ul style="list-style-type: none">• Puntualidade do profesorado• O profesorado especialista irá a buscar/levar ao alumnado.	Alumnado Profesorado	Profesorado
Organización da aula: pequeno grupo, individual, parellas... Tendo en conta: <ul style="list-style-type: none">• Non discriminación• Fomentar a interrelación	Alumnado Profesorado	Profesorado
Organización dos recreos: <ul style="list-style-type: none">• Número de profesores: 1 profesor cada 50 alumnos/as• Zonas de vixilancia: Patio de Primaria (zonas A, B, C, D), Patio de Infantil e Biblioteca.	Alumnado Profesorado	Profesorado

Organización do comedor: <ul style="list-style-type: none"> • 1º entra o alumnado de E. Infantil (14:25) e posteriormente o alumnado de E. Primaria na orde establecida por cursos. • O alumnado debe permanecer en silencio entre cambio de platos e no momento da chamada para asistir ás actividades extraescolares. 	Alumnado	Profesorado que ten clase a última hora. Directora/encargada de comedor/monitoras de comedor

Actuacións curriculares

PROCEDEMENTOS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
Coordinación das programacións e o desenvolvemento do currículo entre o profesorado que imparta a mesma área e/ou nivel.	Alumnado	Profesorado CCP
Establecemento de diferentes estratexias metodolóxicas adaptadas á diversidade do alumnado e ao alumnado con NEE.	Alumnado	Profesorado
Avaliación do progreso do alumnado con obxectivo de establecer actuacións de mellora.	Alumnado	Profesorado
Avaliación da práctica docente co obxectivo de establecer actuacións de mellora.	Profesorado	Profesorado

Actuacións de coordinación

PROCEDEMENTOS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
Coordinación e consenso nas normas e decisións <ul style="list-style-type: none"> • Reunións 	Profesorado	Equipo directivo Comisión de convivencia Claustro

□ Plans de Acollida

PROCEDEMENTOS	DESTINATARIO S	RESPONSABLES

<p>Plan de Acolida para o alumnado de 3 anos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Charla informativa a pais/nais. <ul style="list-style-type: none"> - Información sobre a organización e funcionamento do centro e funcións do departamento de orientación. - Información sobre a etapa de Educación Infantil, dificultades que poidan presentarse cando o alumnado se incorpora por primeira vez ao centro e as formas nas que pode manifestalas, normas de organización e funcionamento da aula., orientacións para favorecer a adaptación dos seus fillos/as (díptico), período de adaptación e planificación do mesmo. ● Visita dos nenos/as acompañados polos pais/ nais á biblioteca e ás aulas de educación infantil: obra de teatro , xogos de psicomotricidade. 	<p>Alumnado Pais</p>	<p>Directora, orientadora, Titora</p>
<p>Plan de Acolida para o alumnado que se incorpora á etapa de E. Primaria:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Charla informativa a pais/nais. ● Intercambio de información do alumnado. ● Visita do alumnado: explicación de normas básicas para a entrada no colexio e o cambio de clase; elaboración dun mural de forma conxunta; obra de teatro; xogos de presentación e interacción. 	<p>Alumnado Pais</p>	<p>Directora, orientadora CEIP Baño-Xanza, orientador CRA de Valga, titora de E. Infantil, titores/as de 1º nivel</p>
<p>Plan de acolida para alumnado inmigrante e de incorporación tardía</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Información ás familias: organización do centro: horarios, calendario escolar, servizos de transporte, etc; información sobre a existencia dos servizos sociais do concello. ● Entrevista para comunicar o horario da aula, material, normas de organización e funcionamento da aula. 	<p>Alumnado Pais</p>	<p>Equipo directivo orientadora e titor/a</p>

<ul style="list-style-type: none"> ● Entrevista para recollida de datos: aspectos relevantes da escolarización anterior, así como sobre a súa procedencia, situación laboral e familiar... ● Actividades na aula que fomenten a participación do alumno/a e que sexan para el significativas: <ul style="list-style-type: none"> - Actividades ou xogos de presentación para aprender os nomes e aficións dos demais. - Informar ao grupo-clase sobre o país de procedencia do alumnado inmigrante: costumes, relixión, cultura. No caso de que coñeza a nosa lingua, facer que o alumno/a participe e dea a coñecer a súa cultura. - Informar ao alumnado inmigrante sobre a comunidade que os acolle: costumes, comidas, cultura en xeral.... - Buscar en internet, por grupos, información e materiais sobre os países representados na clase e realizar murais ou traballos con material visual. - Formar, se é o caso, grupos con membros de distintas culturas, nos que o alumnado estranxeiro achegue aspectos da súa cultura e os costumes da súa escola anterior. - Ver e comentar algún documental ou película relacionados co país de orixe. - Utilizar na aula algunhas referencias da lingua de orixe estranxeira, como son os saúdos, as despedidas, expresións e frases feitas. ● Designación do alumnado titor: durante os primeiros días. 		
---	--	--

□ **Actividades de tutoría**

PROCEDIMENTOS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
---------------	---------------	--------------

<ul style="list-style-type: none"> ● A organización da aula. ● As normas de aula cunha formulación positiva. ● As estratexias de comunicación que se establecen con cada profesor/a e os vínculos de relación. ● O axuste curricular e as adaptacións curriculares. ● As rutinas que o titor/a utiliza no desempeño das súas tarefas. ● Medidas correctoras. ● Actividades cooperativas. ● Reparto equilibrado de responsabilidades e tarefas entre o alumnado. ● Actividades de reflexión, debates, xogos e outras actividades que favorezan a cohesión do grupo. 	Alumnado	Profesorado
---	----------	-------------

□ **Actuacións para previr a violencia de xénero**

PROCEDEMENTOS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
<ul style="list-style-type: none"> ● Día da non violencia de xénero ● Lectura de contos que traballen a igualdade/ emociónes ● Charlas ● Obradoiros e talleres 	Alumnado Profesorado Familias	Profesorado

□ **Actuacións para previr a discriminación**

PROCEDEMENTOS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
<ul style="list-style-type: none"> ● Día da muller traballadora ● Actividades do día da Paz ● Lecturas sobre a non discriminación ● Cortometraxes ● Recollida de novas ● Realización de debuxos, murais... 	Alumnado	Profesorado

□ **Actuacións para previr o acoso**

PROCEDEMENTOS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
<ul style="list-style-type: none"> ● Actividades de titoría: <ul style="list-style-type: none"> - Establecemento das normas de aula. - Dereitos e deberes do alumnado. 	Alumnado Pais Profesorado	Profesorado Departamento de orientación Dirección

<ul style="list-style-type: none"> • Actividades específicas dirixidas á prevención do acoso. • Intervención e/ou asesoramento do departamento de Orientación. • Actividades formativas: (Plan Director para a mellora da Convivencia Escolar): charlas sobre civismo, racismo, consumo de drogas ou alcohol, violencia de xénero... • Vixilancia extrema das zonas comúns: patios, recreos, cambios de clase, servizos... 		
--	--	--

□ **Programa de habilidades sociais**

PROCEDEMENTOS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
<ul style="list-style-type: none"> • Actividades e talleres, para traballar a autoconciencia emocional, empatía, autocontrol e resolución de conflitos,. • Elaboración dun SOCIOGRAMA, nas aulas de 1º, 3º e 5º nivel, para valorar as relacións entre o alumnado e poder favorecer a inclusión do alumnado rexeitado. 	Alumnado	Departamento de orientación Titores/as

□ **Programa de Modificación de conduta**

PROCEDEMENTOS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
<ul style="list-style-type: none"> • Economía de fichas/custo de resposta 	Alumnado (na aula/ ou na casa)	Departamento de Orientación

□ **Programa de concienciación cara o coidado do medioambiente**

PROCEDEMENTOS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES
Turnos de vixancia para manter limpo o patio, por parte do alumnado voluntario de primaria, establecidos ao inicio do curso.	Alumnado	Departamento de orientación

6. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

O obxectivo fundamental das nosas normas de convivencia é desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos.

En particular, as normas de convivencia concretan os dereitos e deberes dos distintos sectores da nosa comunidade educativa e establecen as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle correspondan polo seu incumprimento.

As normas de convivencia están especificadas nas **Normas de Organización e Funcionamento** do noso centro (**NOF**) e garanten o cumprimento deste plan de convivencia.

Dende o centro facilitaremos o coñecemento destas normas de convivencia a toda a comunidade educativa:

- Estarán publicadas na nosa páxina web.
- As familias serán informadas da súa existencia nas reunións anuais de tutoría.
- O profesor/a- titor/a informará ao alumnado explicando as posibles dúbidas que poidan xurdir.

7. FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA E DA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

7. 1. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

□ Composición

A comisión de convivencia constituirase no seo do seu consello escolar e na súa composición integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Terán representantes do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos, na mesma proporción que se encontran representados no consello escolar.

Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia corresponde á directora por proposta dos colectivos representados.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/ as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

□ Periodicidade das reunións

Manteranse tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidenta, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

□ Funcións da comisión de convivencia

A comisión de convivencia terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación deste plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.

As súas funcións son as seguintes:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro. Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

7.2. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

A Aula de Convivencia é unha ferramenta cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible (Artº. 25.1. do decreto 8/2015).

Dende unha visión positiva do conflito, a **nosa aula de convivencia**, pretende ademais, resolver democráticamente os conflitos, antes de aplicar as medidas sancionadoras que supoñan a aplicación das NOF ou como medida complementaria a estas.

Tendo en conta isto, entendemos a aula de convivencia como:

- Unha medida de reflexión.
- Unha aula de traballo.
- Analizadora da convivencia e executora das medidas propostas pola comisión de convivencia.

7.2.1. Criterios para a atención do alumnado na aula de convivencia

- **Aula de Convivencia como aula de reflexión:**

Requisitos:

- Dirixido ao **alumnado que impide o normal desenvolvemento do grupo clase, se despois de poñer en práctica outras medidas e estratexias para intervir con este alumnado dentro da aula**, non se acadan resultados.

- Ten que ter rexistrados como mínimo **tres partes de condutas leves** (tipificadas no NOF).

Funcións:

- Este espazo lle permite distanciarse das circunstancias que orixinan o conflito. O profesorado que atende a aula trata de darlle axuda ao alumno/a para que analice as súas condutas disruptivas e se comprometa ao cambio. Permite ademais que, cando o alumno estea fora da aula, o profesor/a pode intervir co resto da aula.

Protocolo de derivación:

1º O **profeso/a** cubrirá un **parte breve de incidencia** onde exporá as razóns polas que o alumno/a é derivado a esta aula (quedando o último apartado para cubrir polo profesorado de garda).

2º **Avisará ao profesor/a de garda** (que deberá estar localizado na sala de profesores) ao cal lle **entregará dito parte**.

3º O profesor/a de garda **acompañará ao alumno/a** á aula de convivencia.

4º Os **profesores/as de garda cubrirán o apartado** que lles corresponde no **parte de incidencia**, referido a actitude observada no alumno/a (petición de desculpas, predisposición para o cambio...) e, o último en atender ao alumno /a será quen llo entregue á **xefa de estudos**.

5º O **profesor/a** que derivou ao alumno/a á aula de convivencia deberá cubrir en **DRIVE**, unha **folia de rexistro de conduta** por cada parte emitido, quedando reflexados os antecedentes, a conduta e as actuacións levadas a cabo con anterioridade na aula.

Duración da medida: o alumno/a permanecerá un mínimo de **dúas sesións** dende a súa derivación á aula.

Intervención do profesorado de garda:

- O profesorado de garda debe crear un **clima de confianza** buscando a colaboración do alumno/a.
- O alumno/a cubrirá a **“ficha de auto-reflexión”** cada vez que accede a aula. (dependendo da idade do alumno/a farase de forma oral ou escrita). Se lle explicará o sentido desta e aclarando as cuestións que inclúe. Una vez completada a ficha de auto-reflexión intentamos reflexionar co alumno/a sobre o que alí se indica, amosándolle a necesidade dun cambio de actitude que empece por corrixir os feitos que o levaron á aula.
- Lle entregaremos tamén os **materiais aportados polo departamento de orientación** para favorecer actitudes responsables e positivas para a convivencia (expresión de **sentimentos e emocións** e desenvolvemento da **empatía**). Este material será seleccionado en función da información reflexada no parte de incidencia.
- Por último, se lle pide que responda ao **cuestionario de compromisos** (un ou outro dependendo de que o feito afectase a persoas, materiais ou ambos ou de que sexa a segunda vez que pasa polo aula).
- Este material estará a disposición na aula de convivencia,

- Aula de convivencia como aula de traballo:

Requisitos:

- Dirixido ao **alumnado** que, polas **repetidas condutas contrarias ás normas en calquera dos espazos do centro**, fora obxecto de privación do seu dereito de asistencia, sendo atendido nesta aula en vez de cumprir a sanción no seu domicilio, **combinando traballos curriculares e de modificación de conduta**.
- Debe ter **acumulación de partes de condutas leves** e haber **pasado pola aula de convivencia** como aula de reflexión.
- Ou **cometer unha conduta grave** (tipificadas no NOF).

Funcións:

- Substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado de asistencia ao centro. O alumno/a realizará as mesmas actividades que o grupo de referencia na medida que fora posible, ademais de realizar actividades de reflexión incidindo na modificación da conduta.

Protocolo de derivación:

1º Se o alumno/a cumpre os requisitos citados, **reunirase o Equipo de profesores** implicado e a **Comisión de Convivencia** para planificar as actuacións a levar a cabo durante o tempo de permanencia na aula.

2º A xefa de estudos:

- Establecerá e rexistrará o **número de sesións ou días que o alumno/a vai permanecer na aula**.
- Establecerá co **profesorado de garda** as **quendas** para atender ao alumnado.

3º A directora:

- Comunicará a medida correctiva ao **alumno/a** e á súa **familia** indicando os motivos, o número de días e as actividades formativas e de reflexión que realizará.
- Debe ditar a resolución pola que se acorda que un alumno/a debe ser atendido na aula de convivencia, garantindo o trámite de **audiencia á familia** (Artª 25.3 do decreto 8/2015).

Duración da medida: o alumno/a permanecerá na aula de convivencia **cinco días** lectivos como **máximo**.

Intervención do profesorado de garda:

- O profesor/a de garda deberá **coñecer o rexistro das intervencións anteriores** e todos os datos que precise para realizar o seu traballo co obxecto de evitar actuacións contradictorias.
- O alumno/a cubrirá a **ficha de auto-reflexión** do mesmo xeito que no caso anterior.

- Realizará o **traballo curricular** correspondente ás materias nas que está ausente, **alternando actividades** para **favorecer actitudes responsables** e positivas para a convivencia.
- Aula de Convivencia como **analizadora da convivencia**:
 - Proporciona información sobre a realidade de cada alumno/a, de cada grupo clase ou sobre o centro escolar en xeral (número de condutas contrarias ás normas de convivencia e do grado das mesmas).
 - A **xefa de estudos**, a **directora** e a **orientadora** terán **unha reunión mensual** co fin de **medir a conflictividade** no centro e estudar medidas preventivas.
 - Estes datos serán levados á **reunión** da **Comisión de Convivencia** que se realizará **trimestralmente** para **propor solucións** sobre os conflitos que se detectaran, adaptadas á problemática de cada alumno/a en particular, de cada grupo clase, profesor/a ou organización do centro.
 - A Comisión de Convivencia elaborará unha **memoria anual** sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflexarán as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será **trasladado** ao **consello escolar** do centro e ao correspondente servizo territorial de **Inspección Educativa**.

7.2.2. Seguimento do alumno/a que é derivado á aula de convivencia

O **profesorado** implicado, a **xefa de estudos**, a **directora** e a **orientadora** terán, de ser o caso, unha **reunión mensual** co fin de facer un seguimento do alumnado que é derivado á aula, unha vez remate a súa permanencia na mesma.

A **familia** será informada dos resultados da intervención.

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

8.1. COORDINACIÓN INTERNA NO CENTRO

- Coordinación nas programacións didácticas levadas a cabo polo profesorado. A principio de curso, prográmanse reunións entre o profesorado para a elaboración das programacións didácticas.
- Reunión de coordinación entre etapas: a principio de curso realizarase unha reunión do profesorado que impartiu clase en 6º nivel de E. Infantil co profesorado de 1º nivel de E. Primaria.
- Reunións do profesorado de nivel para unificar e coordinar criterios sobre normas e comportamento da aula.
- Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) para coordinar os aspectos pedagóxicos do centro.
- Reunións do equipo de actividades extraescolares: mensualmente reúnese este equipo para coordinar todo tipo de actividades a desenvolver no centro.
- Reunións do Equipo directivo co persoal non docente: periodicamente realízanse reunións do equipo directivo para concretar aspectos de mellora do centro.

- Reunións e claustros do profesorado: realízanse periodicamente para coordinar distintos aspectos do centro.
- Reunións dos membros do Departamento de orientación.

8.2. COAS FAMILIAS

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que “Os centros educativos promoverán a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado ...” e que estas recibirán “... información e asesoramento que lles axuden no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros”. En consecuencia, establécense as seguintes accións:

- Establecemento dunha hora semanal de titorías cos pais/nais.
- Mantemento dunha reunión titorial xeral obrigatoria a principios de curso.
- Na primeira reunión obrigatoria trataranse como mínimo os seguintes aspectos:
 - Información básica sobre o modelo educativo do PEC.
 - Información sobre o calendario escolar.
 - Aclaración da liña metodolóxica usada na aula e sobre aspectos como: materiais necesarios, contidos a traballar, actividades de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación, actividades de reforzo e de ampliación, apoios e RE, criterios de promoción, nivel de colaboración familiar, a información ás familias, etc.
 - Información dos principais aspectos das NOF e da PXA, en concreto: estrutura organizativa, horarios de cada clase e criterios usados, horas de titoría e/ou atención ás familias, actividades complementarias e extraescolares, control da asistencia e xustificación das faltas, normas de convivencia, etc.
 - Información sobre as actuacións do departamento de orientación e profesorado de apoio para atender a diversidade.

8.3. COA ANPA

O equipo directivo mantén reunións periódicas coa ANPA do centro para coordinar actividades a desenvolver no centro.

8.4. CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS

Tanto a directora, en representación do centro, como a orientadora, reúnen coas direccións e orientadores/as dos centros da zona (CRA de VALGA, CEP FERRO-COUSELO e IES de VALGA) para unificar e coordinar diferentes aspectos: admisión de alumnado, días non lectivos, determinadas actividades complementarias, xornadas de acollida e convivencia... e todas as medidas de atención a diversidade que tratan de mellorar a convivencia.

8.5. CON ORGANISMOS DO CONTORNO

- Concellería de Educación do Concello de Valga: existen reunións periódicas para concretar aspectos fundamentais de funcionamento das actividades extraescolares subvencionadas, actividades culturais promocionadas polo concello...

- Outros organismos (servizos sociais...). Existe un trasvase da información que se considera relevante para o proceso educativo, respetando a confidencialidade de datos.
- Outros axentes que realizan unha intervención co alumnado (gabinetes psicopedagóxicos ou de logopedia privados, asociacións...), para intercambiar información e seguir unha liña de actuación común.

9. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O Plan de Convivencia así como as Normas de Organización e Funcionamento que contén son de obrigado cumprimento por todos os membros da Comunidade Educativa e por todos aqueles que, dun xeito ou doutro, compartan instalacións, tempos e lugares comúns con nós en calquera horario ou momento. Todos os membros da comunidade educativa deben observar as normas nel recollidas e velar porque se cumpran.

O plan estará colgado na páxina web do colexio, así como impreso e custodiado na secretaría do centro para o libre acceso de todos os membros da comunidade educativa.

10. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Corresponderá á Comisión de Convivencia do noso centro o seguimento e mellora do plan.

A Comisión de Convivencia incluírase coma punto específico dunha das reunións de Consello Escolar, polo menos, unha vez ao trimestre para analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados conseguidos, así como, elevar propostas para a mellora da convivencia.

A Comisión de Convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar aprobará a memoria do plan de convivencia de ser o caso. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

11. DIVULGACIÓN E APLICACIÓN

O centro divulgará este documento por diferentes medios entre a comunidade educativa, facilitando o seu coñecemento por parte de todos.

O presente documento Plan de Convivencia, é de obrigado cumprimento por parte de todos os membros da comunidade escolar deste centro.

Faranse revisións periódicas que se consideren oportunas para adaptar o Plan a novas circunstancias ou a modificacións lexislativas.

Poderanse realizar as modificacións que se consideren necesarias por iniciativa do Equipo Directivo, do Claustro ou do Consello Escolar.

Este documento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación.

DILIXENCIA:

Este documento, onde se recolle o Plan de Convivencia do CEIP Plurilingüe de Baño-Xanza, foi revisado polo Equipo Directivo tendo en conta as propostas da CCP, do Claustro e as directrices do Consello Escolar.

Revisado e aprobado pola dirección do centro e avaliada polo Consello Escolar, ponse a disposición da comunidade educativa, quedando o orixinal asinado polo equipo directivo na secretaría do centro.

En Valga, a 17 de febreiro de 2020

O Secretario

A xefa de estudos

A directora



D. José Ignacio Manteiga Sixto

Dna. Manuela Caamaño Martínez

Dna. Eva Mª Zumalave Rivas